

Primeiro Premio Esquíu de Poesía, 1981

Víctor Vaqueiro: na procura do mito

V.F.

“Vivimos nunha sociedade que sigue a reproducir e vivir aspectos míticos tan antigos coma o ser humano. O mito é un patrimonio común da humanidade e, se cadra, unha vía de coñecemento”. Falamos de Borges, das vellas sagas xermánicas, do Talmud dos hebreos, dos mitos mediterráneos, da lagoa de Antela, de Eduardo Pondal... “Non me vexo moi reflexado nen identificado con autores galegos. Se cadra con algún texto de Ferrín, na liña do seu “Sirventés pola destrución de Occitania”, pero máis nada. Dende moi novo me interesou un galego que escribe en castelán, Valente. A poesía, como ben di Valente, é tamén unha vía de coñecemento. En cada poema deprendes algo novo, algo que está dentro de ti e que aburbulla. Creo que é na materia do poema onde hai que buscar o secreto e o motivo máis fondo de poesía”.

Víctor Vaqueiro. Trinta e un anos. Tres libros de poemas: *“Lideiras antre a paisaxe”* (1979), *“Informe da gavilla”* (1980) e agora, Premio Esquíu, recentemente fallado pola Caixa de Aforros de Galicia e a Sociedade de Cultura Valle-Inclán de Ferrol, *“Camiño de Antioquía”*. Unha das voces máis novas, anovadoras e interesantes da poesía galega dos últimos anos. Un factor case común nas tres obras: a procura do mito. O mito como vía de coñecemento, coma expresión das contradicións e desacougos humanos, case como memoria universal e extraordinaria...

A VIXENCIA DOS VELLAS ARQUETIPOS

“O mito —di Vaqueiro— ven ser un relato extraordinario cun protagonista extraordinario que sucede nun tempo extraordinario, hai milleiros de anos. Pero hai algo nel que o fai universal e exemplar. O que máis me interesa do mito é a súa condición de arquetipo. Penso na Grimilda dos Nibelungos, por exemplo, o símbolo da vinganza que, pra lograrse, estraga e sacrifica un pobo enteiro. ¿Non é Hitler unha reencarnación daquela Grimilda cega e vingadora?. A nosa sociedade contemporánea, tan racionalista e tecnoloxicamente avanzada, sigue a manter e reproducir dentro de si os vellos mitos, os arquetipos fundamentais das contradicións, glorias e miserias do ser humano.

— *Veño de ler o teu “Camiño de Antioquía”, aínda inédito, e observo o mesmo fío condutor, a mesma preocupación que xa había nos teus dous libros primeiros: a recreación poética dos grandes mitos da humanidade. Xa sei que un libro ten moitas lecturas posibles. Gostaría de que afondáramos nesta ...*

— Interésame moito o mito como elemento poético na medida en que é, coma dixeran, unha vía de coñecemento que elaborou no seu día a Humanidade pra tentar de explicar as verdades ou as motivacións máis fondas do comportamento do ser humano. Por aí vai o meu traballo.

— *Unha vía irracional de coñecemento ...*

— Non me gusta a palabra “irracional”. Penso que neste caso non é a máis axeitada porque pode ter outras interpretacións que eu non lle quixera dar. Digamos que é unha vía non-lóxica, a-lóxica, precientífica, non sei... Ao longo da historia das civilizacións os mitos (case todos eles relacionados entre si) tentan de lle dar unha resposta a aqueles aspectos do ser humano que a razón non foi quen de explicar. Xa sei que nos estamos a mover en conceptos confusos, moi embarullados de mais, difíciles, pero apaixoantes. Cando falo do mito falo da Atlántida, de Ulises, dos vellos héroes, de Sigfrido, Dante, Gilgamex, Icaro, os grandes personaxes bíblicos, a aventura do pobo xudeo...

— *O pobo xudeo, por exemplo. Hai no teu libro moitas referencias a este tema.*

— Hainas. Aínda hai pouco que lin o *Talmud*, obra fundamental dentro da relixiosidade hebraica, recolleita de consellos morais, recetas agrícolas, lexislación social... Alí estaba Borges. Borges, por

exemplo, fai unha lectura literaria e recreadora do *Talmud*. Nun capítulo deste antiquísimo libro dos xudeos dise: “Non sufrirán tormento eterno os que pasen miseria, os que sexan tiranizados polo imperio romano e os que sufran en vida doenzas intestinais”. E engade tamén: “e os que teñan unha mala esposa”. ¿Qué mundo, qué xerarquía de valores hai detrás de todo isto?. E sobre todo: ¿en que medida os vellos mitos siguen vivos entre nós? ¿En que medida a nosa sociedade non recrea seguido os mitos de sempre?. Estas poderían ser algunhas preguntas pra unha lectura dos meus libros e do meu traballo poético.

UNHA VÍA DE COÑECEMENTO

— *Falabamos do interés polos temas xudeos*

— Un interés que non ten nada que ver co sionismo, doutrina noxenta e racista que non podo compartir. Pero o pobo xudeo ten, ó longo da súa historia, aspectos interesantísimos. Por exemplo: o pobo que loita por non perder a memoria, por conservar a propia identidade. E ó mesmo tempo, case paradoxicamente, un pobo que sempre está a fuxir, que dende o primeiro momento da súa historia, por unhas razóns ou por outras, sempre o vemos fuxindo, como se fuxira en certo modo de si mesmo. Paréceme unha idea chea de interés e de posibilidades de recreación poética. Hai moitas referencias ós mitos xudeos e talmúdicos no libro. Certo. Sempre nesta dirección.

— *E un interés grande polos mitos medievais xermánicos, ou non latinos.*

— Tamén. É outra fonte de mitos que chegan a nós a través da magnífica literatura medieval, pola que dende hai tempo estou interesado. As sagas xermánicas, as crónicas fantásticas dos reis de Dinamarca, os Nibelungos, os navegadores do norte... Un terceiro conxunto sería o referente ós mitos clásicos e mediterráneos, case sempre relacionados coas grandes viaxes, Ulises, a Atlántida, os textos de Platón... Coido que aquí está o material de base que ven inspirando dende hai algún tempo o meu traballo poético, que é —repite— unha vía de coñecemento, case unha reflexión sobre o ser colectivo. Anque alguén pense que isto é unha parvada eu estou convencido de que sigo a facer “poesía social”. Isto tamén é poesía social.

OS MITOS GALEGOS

— *¿E os mitos galegos? ¿En que medida o teu traballo poético non está na liña dun Eduardo Pondal, poño por caso, o celtismo, etc.?*

— Non creo que a cousa vaia por aí. Xa che dixen que non me sentía moi identificado polo tratamento galego que se lle deu sempre a estes temas. Eu non creo que exista o “mito galego”. Pondal quería recrear ou inventar o mito porque pensaba que desa maneira estaba a confirmar ou suliñar a identidade colectiva de Galicia. Eduardo Pondal creía que a identidade nacional galega precisaba dunha mitoloxía propia pra se soste e enraizar afectivamente. Eu non creo nestas cousas.

— *Pero no teu libro hai referencias a lendas e historias máxicas galegas que, dalgún xeito, teñen que ver co mito clásico ás veces...*

— Hai un poema no libro, por exemplo, que escomenza: “No meio da devesa había unha fonte...”, e que está inspirado nunha lenda popular do Caurel, recolleita na Devesa de Rogueira, e que fala dunha fonte maravillosa con dúas minas de auga, unha de prata e outra de ferro. Isto é moi común na nosa cultura. Outro exemplo: a historia da cidade asulagada da lagoa Antela (cidade que, por certo, deu agora en trocarse en lignito). É a mesma historia da Atlántida, a civilización afogada, historia que aparece noutras culturas tamén. Os mitos son universais, pertencen ó patrimonio común do Home, e cada cultura ou cada pobo lles dá a súa propia lectura. Iso é certo. Pero non se pode falar, na miña opinión, dun mito galego, como non se pode falar tampouco dun mito andaluz, nen alemán ou italiano ...

— *E ¿que ten que ver todo isto coa sociedade contemporánea en que vivimos?*

— A nosa sociedade ten raíces moi fondas e íntimas na memoria da nosa civilización. Certo que

hai avances tecnolóxicos, científicos, positivistas, filosóficos, políticos, porque a Historia avanza e non repite. Eu creo no progreso e no perfeccionamento da Humanidade. Pero debaixo desa capa de avances técnicos e materiais o home sigue a ser sempre o home, o ser humano, coas súas grandes contradicións, os seus grandes problemas universais, os seus secretos, as súas motivacións íntimas, as súas arelas e imposibles... Os vellos mitos (os arquetipos de antano) siguen vivos na sociedade contemporánea. O home sigue viaxando cara un Alén estraño e desacougante (anque viaxe en avión), sigue a loitar contra da súa propia natureza que o limita, sigue a soñar nunha aventura distinta...

— *Seica estás a traballar agora un libro de relatos. Denantes falabas de Borges ...*

— Borges é un dos grandes mestres da literatura. Traballo nun libro de contos, certo, pero moi a modo e sempre nesta dirección. Non hai presa. De Borges se di que é un reaccionario e eu estou de acordo con esta afirmación, pero non só polas súas opinións políticas sobre da situación en Arxentina ou América Latina senón pola concepción mesma dos seus relatos, da súa literatura. Borges non cree na evolución da historia. Pra el a historia dá voltas arredor de si, móvese nun círculo estéril, repítese. Nisto eu non podo estar de acordo. Isto é o verdadeiramente reaccionario de Borges. Non son fatalista.